

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA  
CURSO: 5º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: Lingua Castelá e Literatura  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 06/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Utilizar as estratexias de control do proceso lector (anticipación do significado, formulación de hipóteses, uso do dicionario e relectura)	Utiliza o título e as ilustracións para activar coñecementos previos sobre o tema, axudándose deles para acceder máis doadamente ao contido dun texto.  Identifica as palabras clave dun texto.  Relaciona a información contida nos gráficos e ilustracións e a relaciona coa información que aparece no texto
Ler por propia iniciativa e con diferentes finalidades textos de tipoloxía diversa.	Programa de xeito autónomo un tempo semanal para ler diferentes textos.
Utilizar diferentes fontes e soportes para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.	Consulta na biblioteca diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo, así coma lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas de funcionamento da mesma.
Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos e creativos, organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias.	Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos, reproduce textos ditados e redacta e revisa textos para melloralos.
Utilizar de xeito autónomo o dicionario.	Utiliza o dicionario, en diferentes soportes, no proceso de escritura.

<p>Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.</p>	<p>Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras.</p> <p>Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos ao producir textos orais e escritos.</p> <p>Diferenza familias de palabras.</p>
<p>Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.</p>	<p>Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos, homófonos, palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas.</p> <p>Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto</p>
<p>Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.</p>	<p>Utiliza o dicionario e as normas ortográficas axeitadas ao nivel e aplícaas nas súas producións escritas.</p>
<p>Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer, información medio de aprendizaxe</p>	<p>Valora e recoñece as características fundamentais de textos literarios narrativos e poéticos.</p>
<p>Producir textos literarios en prosa ou en verso, con sentido e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.</p>	<p>Crea sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.</p>

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración persoal do traballo e esforzo do alumnado.</li> <li>- Contraste da experiencia/traballo dixital con outro profesorado do centro.</li> <li>- Recompilacións de materiais e valoración por escrito.</li> </ul>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Exercicios e tarefas que se pidan.</li> <li>-Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.</li> <li>-Presentación de traballos.</li> <li>-Debuxos que representen aquilo que aprenderon.</li> <li>-Traballos monográficos e pequenas investigacións.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Terase en conta a nota media dos dous trimestres anteriores, as tarefas e actividades que se pidan e o seguimento que se realiza do alumnado. Valorarase especialmente o esforzo e os medios dos que dispoña cada unha das alumnas e alumnos nos seus fogares.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Avaliación de materia pendentes</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>No caso de Lingua Castelá e Literatura, as actividades están a ser de repaso e ampliación, sempre que os contidos teñan relación co xa visto no presente curso ou en cursos anteriores.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Todas as actividades están propostas tendo en conta o nivel curricular medio do grupo e as súas aprendizaxes previas, outorgando un uso significativo da lectura, da escritura e das TIC. A hora de entregar as tarefas dáse flexibilidade ao alumnado, tendo en conta as diferenzas individuais e medios dos que dispoñen.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>No que respecta ao alumnado con conectividade, envíanse a diario as actividades propostas. Estas van en formato PDF. Cada unha das actividades acompáñase dunha explicación e/ou un vídeo insertado mediante un hipervínculo que dá acceso a un enlace externo (youtube, Vimeo, páxinas informativas...).</p> <p>No caso do alumnado sen conectividade (datos mediante teléfono móbil), envíanse as tarefas mediante un servizo de fotocopias que oferta o Concello de Santa Comba. Os vídeos e outros recursos coma imaxes, facilítanse ao</p>

	alumnado a través do watshapp das nais/pais. Este alumnado ten un seguimento diferenciado en canto a resto, titorizado mediante chamadas ás familias todas as semanas para resolver posibles dúbidas.
--	---

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A comunicación principal co alumnado realízase a través das familias, ben a mediante chamadas telefónicas, correo electrónico ou whatsapp. No meu caso debido a problemas de seguridade, fiabilidade e conectividade , descartei a utilización de outros medios como Skype ou Zoom.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.